

Canastros 14 - 15

030055

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206202
Coord. UTM:	X: 58989000 Y: 465144500
Concello:	Porqueira
Parroquia:	PARADELA DE ABELEDA
Lugar:	Lobios
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro



Denominación:	Canastros 14 - 15
Etape Histórica:	Idade Contemporánea
Estilo relevante	Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Par de canastros, un deles de madeira e o outro mixto. O de madeira conta con seis pés sobre os que se alzan outros tantos tornarratos de forma circular. Este entramado serve de apoio á grade, enriba da cal se asenta o peche da cámara. Este peche realízase nos lados costais mediante tres panos de doelas separados por columnas de madeira. As doelas dispóñense verticalmente e quedan unidas a través de faixas, esta unión refórzase cuns balaustres colocados en diagonal por debaixo das cintas. Os lados penais tamén se cerran mediante doelas dispostas verticalmente, reservando un dos lados para a colocación da porta de acceso ó corpo. Cuberta a dúas augas con tella curva. O canastro mixto tamén consta de seis pés e en cada parella de esteos descansa unha mesa de pedra rectangular. No medio dun dos tulos colócase para reforzo da grade duas columnas de cemento. Sobre este complexo repousa a cámara con estrutura de pedra, que se pecha nos lados costais mediante dous panos de doelas separadas por columna de pedra. As doelas dispóñense en posición vertical e trábanse a través de faixas. Nos lados menores adóptase a mesma solución, colocando nun deles a porta de entrada á cámara. Nun dos pinches unha inscrición recórdanos o nome do propietario do ben, así como a data da súa realización: "AÑO 1936 Jose Santos". Cuberta a dúas augas con tella plana.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección:

Protección

Tipo de ben: Sen rexistrar

Proposta de tipo de ben: Inventariado

Estado de Tramitación:

Nivel de Protección Arq.: Sen protección

Proposta Nivel de Protección Arq. Integral

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Sen uso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: O canastro míxto atópase nun óptimo estado de conservación, o seu compañeiro consérvase regularmente.

Bens Mobles





